



Instrucións do proceso de admisión para FP dual intensiva

ADMISIÓN

1. **Cubrir unha solicitude para un único proxecto de FP dual intensiva** utilizando o asistente informático que estará dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> , entre **o 24 de xuño ás 9:00 e o 4 de xullo as 13:00**. A aplicación avisará no caso de que sexa necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico.
 - Con carácter xeral a validación é automática (non precisa entregala en ningún centro). **Conservar copia impresa como resgardo.**
 - No caso de que aplicación indique que para ser unha solicitude válida teña que ser entregada, deberá facerse de forma presencial nun centro educativo con oferta de FP dual intensiva, xunto coa documentación necesaria para ser selada, datada e validada.
2. Documentación requirida:
 - DNI ou NIE. No caso de non dispor del, copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea.
 - No caso de non ter realizados os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso, ou o certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo ou da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
 - Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo: <https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>
3. No caso de que a aplicación avise que é necesario entregar a solicitude nun centro : **Documento** xerado na aplicación, xunto coa documentación, na secretaría dun centro de Galicia que oferte FP dual entre **o 24 de xuño ás 9:00 e o 4 de xullo as 13:00**.
4. Poderá remitila por correo postal certificado en sobre aberto co selo de correos coa data de entrega, lugar, hora e nome da oficina no mesmo prazo. A solicitude irá dirixida ao centro onde se ofrezca o ciclo de FP dual intensiva para o que solicita a admisión. Ademáis se deberá enviar tamén toda a documentación escaneada ao correo electrónico da secretaría do centro: secretaria@cifpanxelcasal.es
5. As persoas que participen no proceso de admisión para os proxectos de formación profesional dual tamén poderán, se así o desexan, realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior no réxime ordinario ou para persoas adultas, na modalidade presencial ou a distancia.
6. As persoas admitidas nun proxecto de FP dual intensivas quedarán excluídas, e non serán adxudicadas, no proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario ou no réxime para as persoas adultas. No caso de non seren admitidas en ningún proxecto de FP dual poderán continuar no proceso de admisión a ciclos formativos.

7. Requisitos dos participantes

- Ter dezoito anos ou facelos no ano natural en que comece o ciclo formativo.
- Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos (unicamente poderán presentar a solicitude quen cumpra os requisitos de acceso no momento da presentación de solicitudes)
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe (actualmente contrato de formación en alternancia establecido no R.D lei 32/2021), e cumprir os requisitos na normativa laboral vixente para poder formalizalo.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando noutro ciclo formativo.
- O alumnado que teña dezaseis anos no momento de incorporación á empresa e que cumpra os requisitos de acceso, poderase matricular nos proxectos de formación profesional dual intensiva nos que, logo de rematado o período ordinario de matriculación no proceso de admisión a estas ensinanzas queden prazas vacantes e, por tanto, non exista listaxe de espera.

8. Toda a información ao proceso de admisión á FP dual intensiva estará no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/fp> Para a consulta da situación individual pódese usar o DOI e o código da solicitude, usuario e contrasinal de edu.xunta.gal, chave 365 e certificado dixital.

9. As persoas solicitantes deberán de remitir ao enderezo fpdual.cifp.anel.casal@edu.xunta.gal o C.V en **formato Europass** coa finalidade de facelo chegar as empresas responsables da selección.

10. O **día 8 de Xullo** poderase consultar a información da resolución provisional de solicitudes para cada proxecto de FP dual intensiva, no enderezo web www.edu.xunta.gal/ciclosadmission

Establécese un prazo de reclamacións desde o día 8 ás 9:00 horas ao 10 de Xullo ás 13.00.

Na páxina web do CIFP Anxel Casal Monte-Alto publicaranse as datas e horas para realización das entrevistas de selección por parte da entidade colaboradoras, que se levarán a cabo do **8 ao 12 de xullo**.

11. **Unha vez publicadas as listaxes provisionais, as persoas solicitantes** deberán de remitir ao enderezo fpdual.cifp.anel.casal@edu.xunta.gal o documento de selección cuberto que poden descargar da páxina web do centro <https://www.cifpanxelcasal.es/>, indicando en asunto: CONFIRMO A ASISTENCIA ÁS ENTREVISTAS

12. Publicación da relación de persoas admitidas e en espera na web do centro: **15 de xullo**.

13. Período de matrícula para persoas admitidas: do **16 ás 9:00h ao 24 de xullo ás 13:00h**

MATRÍCULA

Matrícula presencial no centro de adxudicación

Período de matrícula para as persoas admitidas do 16 de xullo ás 9:00 ao 24 de xullo ás 13:00 horas

1. Cubrir e asinar o modelo de solicitude de matrícula.
2. DNI, orixinal e copia, non caducado.
3. Orixinal ou copia cotexada da titulación de acceso.
4. Recibo de pagamento do seguro escolar (para menores de 28 anos) 1.12€ na conta de ABANCA ES36 2080 0086 2230 4000 2660.
5. No caso de autorizacións: Pódese autorizar a alguén (autorización escrita e fotocopia do DNI do autorizante e DNI orixinal do autorizado).

Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.

Código Ciclo. Oferta FP dual

| Código do CIFP Ánxel Casal- Monte Alto 15022607 | |
|--|--|
| ZM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| ZSSAN04 | Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear |
| ZSSEA04 | Química e saúde ambiental |
| ZSSAN01 | Audioloxía Protésica |

